# TECNOLOXÍAS TRANSFORMADORAS PARA INNOVAR NOS PRÓXIMOS ANOS

## 20 DE SETEMBRO 2023 - 17:00 H- EN LIÑA




CONECTA OURENSE

XUNTA DE GALICIA

CEO Confederación empresarial de Ourense

# TECNOLOXÍAS TRANSFORMADORAS PARA INNOVAR NOS PRÓXIMOS ANOS

CONECTA OURENSE

XUNTA DE GALICIA   CEO Confederación empresarial de Ourense

EN LIÑA - MÉRCORES, 20 DE SETEMBRO ÁS 17:00 H.

**Inscricións**

***As tecnoloxías trasnformadoras son un motor de innovación para os modelos operativos das pemes***



**RELATORA: CONSUELO VERDÚ**

Especialista no deseño, dinamización e facilitación de estratexias de innovación e intraemprendemento con enfoques en metodoloxías como Design Thinking, Lean Startup e Agile.

Obxectivo do taller: proporcionar aos asistentes unha comprensión profunda e aplicada de como as tecnoloxías transformadoras son un motor de innovación para os modelos operativos das pemes, cun enfoque especial na Internet das Cousas (IoT), Realidade Aumentada (RA), Sensores, Robótica e Intelixencia Artificial (IA). A través de exemplos prácticos que desmitifican a complexidade, análise de estudos de caso que revelan as súas aplicacións reais e diálogos interactivos que fomentan o pensamento crítico, os participantes descubrirán as tecnoloxías que poden transformar de xeito disruptivo o negocio e como se poden integrar de forma rápida nos seus procesos para crear solucións innovadoras e sostibles nun mercado altamente dinámico e competitivo no que a innovación é un factor determinante para o éxito e a supervivencia das empresas.

Visita a web de **GAIN** e consulta a colección de Cadernos de Innovación coas ferramentas e técnicas de innovación na ligazón: http://gain.xunta.gal/artigos/472/cuadernos+innovacion
Atoparás un caderno dedicado ás tecnoloxías para a innovación en http://gain.xunta.gal/repo/7-caderno_15_tecnoloxias_ritmo_innovacion.pdf

## CONTIDO DO TALLER

1. Introdución. Importancia da innovación tecnolóxica nos negocios actuais.
2. Desagregación de tecnoloxías transformadoras para innovar.
- Internet das Cousas (IoT): aplicacións en industrias como a saúde, transporte e fogares intelixentes.
- Realidade Aumentada (RA): experiencias inmersivas en márketing, educación e adestramento.
- Sensores: vixilancia en tempo real, aplicacións en agricultura, saúde e cidades intelixentes.
- Robótica: automatización en manufactura, loxística e atención ao cliente.
- Intelixencia Artificial (IA): análise preditiva, chatbots, recomendacións personalizadas e aprendizaxe automática aplicada á produtividade, ao márketing e á estratexia da nosa empresa.
3. Modelos de negocio innovadores e aplicacións prácticas.
- Exemplos de como estas tecnoloxías están a ser integradas en modelos de negocio disruptivos.
- Discusión sobre como os negocios poden adaptarse e aproveitar estas tecnoloxías transformadoras para innovar.
4. Resumo dos puntos clave.